Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 211. Setembro 2023. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA

Confecciones MJ abre nova tenda P8

MELIDE

A parroquia de Furelos regresa ao 1900 co seu VI Mercado de Época os días 22, 23 e 24 de setembro P13

CULTURA

O Concello de Santiso crea *'Encontro 17'*, unha iniciativa cunha ampla programación para todas P19

ENTREVISTA

Panadería e Pastelería Toques P23

A 'Volta ao Cole' de ASETEM celébrase este setembro con vales desconto e festa infantil

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide celebra un ano máis a súa tradicional campaña de 'Volta ao Cole' durante este mes de setembro con vales de desconto de 6 e 10 euros para as familias e unha gran festa infantil para dar a benvida ao novo curso escolar.

Todas as persoas que gasten 60 euros ou máis nos establecementos locais ata o vindeiro venres 29 de setembro, en artigos relacionados coa volta ao cole poderán acudir polos vales e polas entradas. P3

"Escoitar as historias do Camiño enriquéceme"

Berta López, responsable de Agasallos no Camiño de Santiago, cóntanos na Entrevista de Benvida a súa experiencia cunha tenda no Leboreiro e miles de historias que enriquecen como persoa. P9

"O teatro é a nosa válvula de escape e desconexión"

A compañía de Teatro Charamela ábrenos as portas a un dos ensaios da súa nova obra *'Vaia Lío'*. Neste encontro fálannos do que para eles e elas significa o teatro así como a súa unión e complicidade . P18

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

As gañadoras son: ELAS

O deporte feminino vive un dos seus grandes momentos, en parte, grazas á visibilidade que supuxo a vitoria da Selección Española de Fútbol na final do mundo en Astralia.

Todo un fito para calquera deportista pero que ten un especial significado no caso deste grupo de mulleres futbolistas porque esta vitoria é máis que un simple título ou unha estrela na camisola, supón a creación de referentes para todas esas nenas ás que lles gusta o fútbol e soñan con ser Alexia Putellas, Salma Paralluelo ou Teresa Abelleira. Tamén supón a emoción e o recoñecemento de todas aquelas mulleres que tiveron que soportar comentarios vexatorios e machistas como " es unha marimacho" ou "xogas coma unha nena" cando non hai tanto tempo xogaban nos patios das escolas ao fútbol. Foron moitas as mulleres que a pequena escala, nos equipos locais ou mesmo nos patios dos centros educativos, loitaron porque chegara o día no que as mulleres tiveran os medios e oportunidades para xogar ao fútbol igual ca eles. Ese día chegou a medias.

A Selección Española de Fútbol Feminino celebrando a vitoria. / Foto: EFE

É certo que xa ninguén pon en dúbida a valía deste grupo de xogadoras máis aínda así segue existindo unha diferenza salarial abismal en referencia aos xogadores masculinos, as condicións tampouco son as mesmas, a loita pola conciliación, ... E como o ter que seguir aguantando comentarios e xestos machistas como por exemplo: a frase de Josep Borrell, xefe da diplomacia europea, *"nuestras mujeres están aprendiendo a jugar tan bien como los hombres"*, ou o propio adestrador Jorge Vilda dicindo que son *"campeones"* cando o correcto sería dicir *"campeonas"*, xa que foron un grupo de mulleres as que conseguiron a vitoria; pero se houbo un xesto machista, ou mellor dito unha agresión sexual, que deu a volta ao mundo foi o bico forzado e sen consentimento de Rubiales á xogadora Jenni Hermoso, unha agresión que esperemos teña as súas consecuencias.

Editorial

O lixo, o outro protagonista das festas

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

O camión do servizo de limpeza nas rúas da vila no San Roque. / Foto: C. Melide

As Festas do San Roque de Melide trouxeron ata o municipio a centos de persoas de diferentes partes do país para gozar da mellor troula, ocio, gastronomía, comercio e hostalería.

O aumento de visitantes e turistas durante as xornadas festivas foi beneficioso para o tecido comercial e hostaleiro da vila pero como todo, ten a súa cara escura da moeda. Durante as noites do San Roque fomos moitas as persoas que nos achegamos ata o Cantón para bailar, cantar e desfrutar cos diferentes grupos que por alí pasaron. Non obstante, o espazo das actuacións non quedaba igual cando a festa remataba que cando comezaba, en canto a xente se ía as bolsas de plástico, as botellas e os papeis quedaban no chan. E isto, a pesares de colocar varios contedores na contorna. Esta situación non é única nin excepcional da nosa localidade pero deberíanos facer reflexionar sobre estes comportamentos e a necesidade dunha educación máis responsable e con respecto cara os espazos naturais e públicos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....18
- ENTREVISTA.....23

VOLTA AO COLE!

A campaña 'Volta ao Cole' de ASETEM - CCA celébrase este mes de setembro con vales de desconto e festa infantil

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide celebra un ano máis a súa tradicional campaña de 'Volta ao Cole' durante este mes de setembro con vales de desconto de 6 e 10 euros para as familias e unha gran festa infantil para dar a benvida ao novo curso escolar.

Como non podía ser doutra maneira, o comercio local do municipio aposta por incentivar e promover as compras nos establecementos de proximidade. Unha vez máis, escolmar as tendas da vila para mercar os artigos e produtos necesario para o regreso ás aulas como mochilas, libros, estoxos, mandilóns, roupa, cadernos, calzado, libretas, etc. Todas as persoas que gasten 60 euros ou máis nos establecementos locais ata o vindeiro venres 29 de setembro, en artigos relacionados coa volta ao cole, poden acudir ás oficinas de ASETEM - CCA (na rúa Lino Sexto, número 2 de Melide) en horario de mañá, dende as 9:00 ata as 14:00 horas para amosar os tíckets por este importe levarán un vale de desconto de 6 euros ou de 10 euros no caso das familias numerosas (de estar nesta situación, deberase aportar no momento de recollida do vale o xustificante que oportuno como pode ser a tarxeta de familia numerosa ou o libro de familia).

Moncho de Librería Cousas e Pilar de Librería Victorio co cartel da nova edición da Volta ao Cole. / Foto: ASETEM

Estes bonos de desconto a clientela poderá gastalos en calquera dos comercios asociados á Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. Cada familia poderá levar como máximo un vale de descontos para que esta iniciativa comercial chegue ao maior número de familias posible e se poidan beneficiar destes bonos.

A maiores, a campaña da 'Volta ao Cole' ten un día importante marcado no calendario, o venres 29 de setembro cando a partir das 17:00 horas e ata as 20:00 horas se celebre no Parque Rosalía de Castro (ou no Palacio de Congresos en caso de condicións meteorolóxicas adversas) a gran festa infantil para dar a benvida ao curso escolar 2023-2024. Para poder participar neste gran evento ASETEM - CCA repartirá entradas xunto cos vales de desconto nas oficinas da entidade. Nesta gran festa de inicio das clases haberá actividades, obradoiros e inchables, entre outras coa presenza de diversos monitores e monitoras para que as crianzas desfruten durante máis de dúas horas porque mercar no comercio local sempre ten premio.

Dada a boa acollida desta iniciativa o ano pasado dende a asociación empresarial animan á veciñanza de Melide e arredores a mercar todo o preciso para esta volta ao cole nos establecementos de proximidade do municipio. Por parte da directiva de ASETEM fan fincapé na gran oportunidade que, unha vez máis, supón mercar no comercio local por varios motivos entre os que se poden destacar: "nas tendas melidás podes atopar todo o necesario para o regreso aos centros educativos a un bo prezo e sen necesidade de desprazarse a grandes superficies comerciais" e "a maiores, comprar en Melide volve ter grandes vantaxas especialmente nestes tempos nos que os prezos están á alza xa que entregando os tíckets dos establecementos de proximidade as familias recibirán eses vales de descontos de 6 ou 10 euros, dependendo do tipo de familia, e as entradas para a gran festa infantil que sempre é un importante evento para as crianzas".

Esta edición do Mercamelide sacou grandes descontos á rúa e contou cunha boa acollida por parte da veciñanza e visitantes

Varios comercios participantes nesta edición do Mercamelide na Rúa, celebrada o pasado 11 e 12 de agosto nos establecementos de proximidade do municipio. / Foto: Cerne

Esta edición do Mercamelide na Rúa contou con grandes descontos e cunha boa acollida por parte da veciñanza e visitantes que aproveitaron os días 11 e 12 de agosto para comprar no comercio local a prezos irresistibles.

Durante as xornadas previas ás festas de San Roque, os 18 establecementos participantes nesta convocatoria do Mercamelide na Rúa sacaron os seus artigos fóra das tendas con grandes descontos, nalgúns casos de ata o 70%, para que a clientela puidera aproveitar e mercar estes produtos en stock.

Por segundo ano consecutivo, a feira de oportunidades do comercio local de Melide celebrouse nos propios establecementos e dende os xerentes e responsables das tendas participantes valoran de xeito positivo o resultado desta tradicional campaña comercial. “O bo tempo axudou a que tanto veciñanza como turistas e visitantes se animaran a saír as rúas comerciais de Melide para comprar os artigos con desconto”, comentan dende os establecementos da vila. De feito, foron varios os negocios que continuaron cunha pequena exposición de material en stock e con desconto días despois da celebración da campaña.

Os usuarios e usuarias puideron atopar neste Mercamelide na Rúa gran cantidade e diversidade de produtos de sectores como: electrodomésticos, descanso, roupa, calzado, lencería, complementos, deportes e beleza, entre outros.

Esta iniciativa comercial, organizada por ASETEM - CCA e en colaboración co Concello de Melide e a Xunta de Galicia, afianza o costume da veciñanza e visitantes de saír á rúa durante as xornadas de descontos especiais do comercio local.

O Mercamelide na Rúa conta con varios obxectivos a maiores de promover e incentivar as compras no comercio de proximidade que son: por unha banda, os comerciantes poden retirar produtos e artigos de temporadas pasadas para poder posteriormente mercar nova mercancía da seguinte tempada a de outono - inverno e, pola outra banda, darse a coñecer entre turistas e visitantes doutros municipios e cidades o que pode propiciar futuras compras, xa que os socios e socias da asociación empresarial da comarca conta co servizo de envío a domicilio gratuíto polo que vender a distancia xa non implica ningún gasto a maiores nin para os e as comerciantes nin tampouco para a clientela. De feito, son varios os establecementos que manifestan que este tipo de iniciativas lles permitiron facer vendas e fidelizar clientela doutras localidades.

Dende a directiva de ASETEM - CCA comentan estar “satisfeitos” co desenvolvemento desta edición da feira de oportunidades do verán melidá e agradecen “tanto aos responsables e traballadores das tendas participantes por implicarse unha vez máis neste proxecto e á clientela así como á veciñanza por apostar por mercar no concello”. Ademais, dende o equipo directivo afirman que seguirán traballando arreo para que cada edición do Mercamelide sexa mellor que a anterior, polo que animan a todas as persoas que teñan algunha idea ou suxestión a trasladala ao persoal da asociación para poder mellorar e adaptarse ás necesidades tanto dos comercios locais como da clientela e veciñanza.

Outro dos establecementos participantes con artigos con desconto. / Foto: Cerne

O polbo á feira de Melide consegue o 2º posto no programa 'Bicos e Bicas' da TVG

Captura de pantalla do programa 'Bicos e Bicas' emitido na TVG dedicado ao mellor polbo do mundo. / Foto: Cerne

O polbo á feira de Melide foi un dos protagonistas do programa 'Bicos e Bicas' emitido na Televisión de Galicia o venres 18 de agosto. Nesta produción audiovisual tiñan como obxectivo buscar o mellor polbo do mundo polo que reuniron a representantes do polbo á illa (da Illa de Arousa), á mugardesa (de Mugardos), á feira versión melidá (de Melide) e á feira versión carballiñesa (do Carballiño).

Para descubrir cal é o mellor polbo o programa creou unha dinámica na que a realización dunha macro enquisa (feita pola empresa Sondaxe a persoas de toda Galicia) é o 60% do resultado final, o veredicto dun cadro de expertos vale o 20% e, por último, unha cata realizada entre o público do propio programa outro 20%. No cadro de expertos os resultados en porcentaxe de votos foron: A Illa 6,6%; Mugardos 6,6%; Melide 20,2% e Carballiño 66,6%. No tocante á cata do público as porcentaxes varían, especialmente no primeiros postos: A Illa 6%; Mugardos 22%, Carballiño 24% e Melide 48%. A enquisa amosou os seguintes resultados: Mugardos 4,8%; A Illa 5,1%; Melide 13,7%; Carballiño 76,5%. Con estes datos a clasificación final quedou: A Illa co 5,6% dos votos, Mugardos co 8,6; Melide 21,8% e Carballiño o 64%. Polo tanto o polbo á feira do Carballiño consegue o primeiro posto, o segundo é para o de Melide, na terceira posición queda Mugardos e na cuarta A Illa.

Nesta produción audiovisual dedicada a un dos grandes produtos galegos como é o polbo defendendo a gastronomía de Melide participaron: varios polbeiros da vila, o Mago Dani Polo, Mercedes Parrado de Polbeira Ezequiel, unha das polbeiras máis coñecidas e recoñecidas da contorna, e persoal de Casa Juanito, lugar onde se vende un dos mellores pementóns para aliñar o polbo.

Soben lixeiramente os datos do paro na comarca con 366 persoas desempregadas en agosto

Debuxo de varias persoas de papel camiñando cara o "paro". / Foto de arquivo

Os datos do paro da comarca da Terra de Melide soben lixeiramente e acadan as 366 persoas desempregadas en agosto, con dúas máis que no mes anterior.

Para máis detalle, ao tratar os datos polo miúdo, atopamos que a diferenza dos meses anteriores nos que se observaba unha tendencia de baixada no número de persoas desempregadas, en agosto vemos que esa tendencia se rompe aínda que non en todos os municipios da comarca: en Melide prodúcese a maior suba de parados con 5 máis (total 263), en Toques as cifras tamén sofren unha pequena suba e quedan con 2 desempregados máis (25 persoas), en Santiso, os datos son positivos, xa que contan con 1 persoa desempregada menos (a cifra queda en 44), neste caso Sobrado é a localidade cos mellores datos dada a baixada dos parados en 4 persoas (total 34).

Por outro lado, se observamos as cifras do paro noutras comarcas da contorna, no caso de Arzúa os datos amosan unha situación moi similar á da Terra de Melide, xa que contan con máis persoas desempregadas que no mes de xullo, con 5 parados máis (sendo o concello de Boimorto, unha vez máis, o único onde baixan as cifras do paro, en 4 persoas; xa que Arzúa sobe en 3 o número de desempregados ata acadar os 153; O Pino con 5 persoas paradas máis e Touro con 1), na comarca da Ulloa a variación entre xullo e agosto é mínima, xa que soben en 3 as persoas sen traballo, sendo Antas de Ulla a localidade na que soben os parados (6 máis), ao contrario de Palas de Rei e Monterroso, onde baixan en 2 e 1 persoa.

Xanela Ocio e Animación anuncia as actividades para o vindeiro curso

O cartel de promoción das clases de cociña en Xanela Ocio. / Foto: Xanela

Xanela Ocio e Animación anuncia as súas actividades para o vindeiro curso no Parque de Bólas, na rúa Rocamador de Melide.

As actividades anunciadas son: cociña para crianzas de entre 1 e 3 anos (os mércores de 17:00 a 18:00 horas), zumba os luns e mércores de 17:00 a 17:45 horas, manualidades os xoves de 18:00 a 19:00 horas, xogos variados, psicomotricidade e outros talleres.

Para anotarse ou resolver dúbidas sobre todas estas actividades ofertadas por Xanela Ocio e Animación poden mandar un correo electrónico a info@xanelaocio.com ou nos teléfonos 634 24 34 69 e 682 10 54 50.

Volta ao Cole



do 1 ao 29 de setembro

Festa infantil

Venres 29 setembro

Entrada gratuíta cos tíckets de compra dos comercios participantes



Vales de compra

De 6 e 10€ a partir dos 60€ en tíckets

XUNTA DE GALICIA

Concello de Melide

Merca en Melide Cerne de Galicia

Centro Comercial Aberto CCA Melide ASETEM

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

E-15-001241

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

2 GAFAS
GRADUADAS
99 €

E-15-001238

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

“Na nova tenda a clientela pode atopar roupa ideal para as celebracións”

Na primeira imaxe vese a nova tenda de Confecciones MJ por dentro con todos os traxes de festa. Na segunda imaxe sae a parte ampliada da tenda de home de Confecciones MJ. / Fotos: Cerne

- Que podemos atopar na nova tenda de Confecciones MJ?

- María José Rodríguez: No novo local, situado na Rúa Alexandre Bóveda número 18 (case enfronte da outra tenda), a clientela pode atopar roupa ideal para as celebracións ou eventos especiais. Este espazo dedicámolo a vestimenta unicamente de muller e señora pero no primeiro comercio temos roupa de vestir para homes de todas as idades. Polo tanto, podemos dicir que mulleres e homes en Confecciones MJ teñen un espazo onde atopar as mellores prendas para asistir a un evento ou festexo.

- Existe a posibilidade de que nos fagades un vestido personalizado?

- M.R: Nós temos uns modelos xa feitos que logo axeitamos a cada persoa, se nos vén unha clienta cunha foto e nos di se podemos facer algunha modificación puntual como poñerlle un adorno ou complemento non hai problema.

Ademais, na nosa tenda temos vestidos de tallas grandes (ata a 64), polo que as medidas en Confecciones MJ non van ser un problema nin tampouco un obstáculo. É certo que nas tallas máis grande non existe tanta variedade na roupa para escoller porque non se fan tantos modelos pero contamos con prendas destas tallas. Para o público masculino tamén conto con tallas grandes (ata cinco XL) en todo tipo de prendas, isto a clientela valórao moito porque hai moitas tendas onde non conseguen roupa da súa talla, polo que ven de maneira moi positiva que aquí poidan atopar as medidas que precisan para vestirse.

No meu caso conto cunha longa experiencia neste tipo de roupa máis de vestir porque no establecemento que teño en Vilagarcía levo 12 anos con prendas para eventos e celebracións polo que non é algo novo para min. Alí a diferenza de Melide teño deste tipo de roupa tanto para muller como para home pero aquí, polo momento, teño só para señoras e para o público masculino.

- Tedes algunha outra nova que comunicarnos?

- M.R: Si, vimos de ampliar o comercio no que levamos máis tempo para poñer unha maior oferta de roupa, calzado e complementos deportivos de home. Sempre digo que neste comercio o home que entre pode marchar con roupa para todo dende un pixama, a unha camisa, pantalón tanto de vestir como máis informal, camisetas, calcetíns, de todo. Neste caso temos un establecemento moi completo de moda masculina e cunha ampla variedade para escolmar.

- Vimos duns meses de verán nos que foron moitas as persoas que se achegaron a Melide, isto notouse nas vendas?

- M.R: No noso caso só podo valorar a situación deste comercio porque o outro abrímolo en agosto e aínda está collendo forma coma quen di pero na outra tenda podemos dicir que foi un bo verán porque as vendas incrementáronse e a xente aínda se foi animando a vir á tenda e mercar. Notouse que era verán, obviamente podíase vender máis porque unha sempre quere un pouco máis pero foron meses nos que se vendeu ben.

Neste establecemento conto cunha vantaxe, xa que ao ter tanta variedade de produtos, teño tantos tipos de prendas e para tantos gustos que a clientela se non pica unha cousa faino con outra. Pola contra, se tivera menos variedade igual non sería tan fácil que a clientela fora picando.

Agora, de cara ao inverno esperamos que a xente se anime e siga mercando a súa roupa nos comercios locais.

- Que máis servizos ofrecedes en Confecciones MJ?

- M.R: Pois a maiores, facemos arranxos de roupa, tanto de prendas que se compran aquí como das que non. É dicir, se unha persoa compra un pantalón nunha tenda que non sexa esta pero necesita que lle cortemos algo ou axustala ao seu corpo nós facémolo tamén.

Ademais, temos moita experiencia no mundo da costura e podemos arranxar roupa de todo tipo, de vestir e deportiva, que ninguén deixe de traer un encargo por pensar que non se dá feito.

“Escoitar as historias do Camiño enriquéceme como persoa”

Berta López é unha desas persoas que transmiten confianza e alegría xa nun primeiro contacto. Esta veciña de Melide tivo, coma todo e todas, uns comezos complicados pero co paso do tempo conseguiu asentarse e crear unha tenda de agasallos e recordos do Camiño de Santiago na parroquia do Leboreiro.

- Que podemos atopar no teu comercio?

- Berta López: Todo tipo de recordos como imáns, *pins*, figuriñas de adorno (hórreos, cruceiros,...) para que os peregrinos e peregrinas levan un obxecto que lles faga recordar o Camiño de Santiago. Destes recordos algúns deles son artesanais.

- Como está sendo, a nivel vendas, este verán?

- B.L: Frouxo, debido á pandemia tivemos dous anos Xacobeos que foron moi fortes en canto a vendas entón este está sendo máis frouxo.

- Este verán tardaron máis en vir os peregrinos e peregrinas?

- B.L: Si, en xullo houbo menos movemento e en agosto comezaron a vir e remontar as vendas pero sen chegar a niveis de anos anteriores. Curiosamente, un mes que foi mellor que xullo foi maio e esperamos que setembro e outubro axuden a remontar.

- Imaxino que no teu establecemento coñecerás persoas de moitas partes do mundo.

- B.L: Si. Por citar só algúns: dende Mongolia, Corea, México, Canadá, Italia, Sudáfrica e ata Australia. Na tenda estou en contacto con moitos idiomas, países e culturas diferentes. Para poderme entender con todos acostumo empregar o inglés, logo teño unha empregada que controla o francés, polo que esa parte tamén a temos cuberta, e en caso de que non saiban inglés nin francés, toca entenderse por xestos e coa axuda do tradutor de Google. Este ano xa nos pasou por dúas ocasións de atender persoas que non sabían nin español, nin inglés nin tampouco francés. Ademais, teño unhas pequenas nocións de chino mandarín falado, o básico para entenderme e desenvolverme a diario no meu negocio.

A xerente de Agasallos no Camiño de Santiago, Berta López, na súa tenda no Leboreiro (Melide). / Foto: Berta López

- Entre tanta xente haberá historias incribles.

- B.L: Por suposto. Os peregrinos e peregrinas xa non só fan o Camiño por devoción relixiosa senón por desfrutar da natureza, facer deporte, coñecer persoas novas, a modo turismo gastronómico e para reflexionar. Hai xente que fixo 15 veces o Camiño por diferentes rutas, persoas que te acostumas a ver todos os anos e acabas collendo amizade con eles. Temos uns amigos chamados Manoli e Alfonso de Salamanca, pois el vén facer o percorrido ata Santiago máis de dúas veces no mesmo ano.

Outra gran historia que coñecín traballando no comercio é a de David, o de *“La Casa de los Dioses”*, un rapaz que vive en San Justo de la Vega (León), nunha pequena casa, moi humilde, sen auga nin electricidade na que lle axuda aos peregrinos e peregrinas. Ademais, o propio David ten feito o Camiño sen cartos, co que lle van dando. Todo isto despois de ser un empresario con cartos pero que un día se deu conta que non era feliz e tiña que deixar esa vida atrás para buscar a súa felicidade.

Outra historia moi curiosa que atopei traballando no Camiño de Santiago foi xa fai uns anos cando un día vexo chegar a un americano que viña rebentado de camiñar que o estaba facendo coa súa nai de case 90 anos, nativa de Murcia, que estaba moi áxil e con moi bo aspecto para ter tantos anos. No cachiño que estivemos falando comentou que lle mandaba ao fillo comprar as verduras a través de Internet a uns provedores de Murcía porque a pesares de levar moitos anos en Estados Unidos, de feito a señora xa tiña acento americano, valoraba moito comer san e para ela a mellor verdura estaba na súa terra natal, polo que o fillo tiña que gastar un diñeiral en portes para que ela puidera comer as verduras murcianas.

A min escoitar estas historias enriquéceme como persoa e faime sentir moi realizada, encántame. Obviamente non todos os días tes tempo para escoitar historias pero cando se pode é marabilloso.

A maiores, tamén coñeces xente famosa como Marta López e Raquel Mosquera (colaboradoras de programas de televisión), Bárcenas (extesoureiro do Partido Popular), José Andrés (cociñeiro e impulsor da ONG World Central Kitchen), Cayetano Martínez de Irujo (fillo da xa falecida Duquesa de Alba), diversos xornalistas e escritores, etc. É dicir, persoas de todos os ámbitos da sociedade.

- Por que decidiches emprender no Camiño de Santiago?

- B.L: Xa levaba moitos anos traballando de cara ao público en tendas de recordos e similares, moi enfocadas aos turistas. Polo que un día animeime e decidín emprender, traballar para min, e como xa coñecía varios provedores foime moito máis sinxelo.

- Que dirías que foi o máis complexo deste proceso?

- B.L: Os requisitos tan difíciles que che poñen as Administracións, implícache moito tempo, moitas trabas, obras, permisos, ... Ademais, como estamos no Camiño de Santiago esíxenche aínda un pouquiño máis.

- No teu sector notouse moito a suba xeneralizada dos prezos?

- B.L: Moito, os provedores subíronnos moito os prezos. Hai en cousas que case nos cobran o dobre. Dada a situación hai mercancía que tiven que subir si ou si pero intento compensalo con outros obxectos que facemos nós artesanalmente durante o inverno.

- A xente gasta menos cartos que outros anos?

- B.L: Si, gastan menos e regatean máis. Nós, de feito, temos un cartel no cristal poñendo que temos prezo fixo, non se acepta o regateo. Esta nota tiven que poñelo en español, catalán, inglés, italiano e coreano. Cando veñen e me regatean moito sempre lles digo: “aquí aceptamos aguinaldo e propinas”. Non obstante, tamén hai xente moi educada e que non pon problema por nada, ao contrario.

Verbena FM pon en valor as festas de Melide cun programa de radio especial en directo no Cantón

Suso Seoca xunto con dous convidados neste programa especial dende o Cantón de San Roque. / Foto: Concello de Melide

A emisora con máis ganas de troula, Verbena FM, realizou un programa especial en directo no Canto de San Roque con motivo das festas na mañá do xoves 17 de agosto.

Nesta emisión dende as rúas melidás o persoal de Verbena FM puxo en valor as grandes festas organizadas no municipio dende o 14 ata o 21 de agosto, na honra a San Roque, nas que participaron as mellores orquestras, algúns grupos locais, bandas de música e charangas.

No programa especial dende Melide, Suso Seoca entrevistou a varios visitantes e peregrinos, deu visibilidade a determinados produtos do comercio de proximidade (como foi o caso dos licores e bebidas de Casa Mejuto) e falou sobre a troula, diversión e o ocio na vila, todo isto mesturado, como non podía ser doutra maneira, coa mellor música da verbena galega.

Esta emisión radiofónica en directo supón unha gran visibilidade tamén para o municipio melidá, xa que Verbena FM pode escoitarse en calquera parte de España grazas á APP e a páxina web da emisora, así como a través da radio convencional en todo o territorio galego, unha oportunidade para que o San Roque se coñeza máis.

O alumnado do IES seguirá contando co 'Club de Ciencia'

Alumnado e profesorado nun 'Club de Ciencia'. / Foto: Xunta de Galicia

O alumnado do IES de Melide seguirá contando coa posibilidade de participar no 'Club de Ciencia', unha iniciativa organizada polo Goberno autonómico para "impulsar un ano máis as vocacións científico tecnolóxicas entre os máis novos" e mellorar as competencias neste ámbito.

Unha vez máis o centro educativo melidá desenvolverá diversas actividades arredor do 'Club de Ciencia' co obxectivo de "proporcionar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o interese dos participantes por mergullarse nos diversos campos da ciencia e as súas posibilidades de aplicación na tecnoloxía", tal e como indican dende a Xunta de Galicia.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE…"

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono:
642 007 210

ATAXIA E LOGOPEDIA

O 25 de setembro é o día internacional da ataxia. Este é un trastorno que se caracteriza pola diminución na capacidade das persoas para coordinar movementos voluntarios. Aparece tremor en diversos lugares do corpo con problemas para manter o equilibrio. Pode manifestarse co tempo ou repentinamente. Poden presentar tamén dificultades na fala, mala coordinación, andar inestable e tendencia a tropezar, movementos involuntarios dos ollos (nistagmo), dificultade en tarefas de motricidade fina (comer, escribir ou abotoarse) e dificultade na deglutición.

Tende a presentarse en idades temperás aínda que tamén de forma tardía. Hai moitas afeccións que poden causar ataxia, as chamadas causas adquiridas. Neste grupo están o abuso de alcohol, infeccións, certos medicamentos, accidentes cerebrovasculares, tumores, parálise cerebral, dexeneración cerebral ou esclerose múltiple. Os xenes defectuosos herdados, tamén poden causar a afección. Serían as causas hereditarias, que se clasificarían de acordo ao patrón de herdanza: autosómicas dominantes (coñecidas como SCA), recesivas (p.e. ataxia de Friedrich), ligadas ao cromosoma X e/ou asociadas a enfermidades mitocondriais. O 60% dos casos son hereditarios, entre os que se atopa a Ataxia de Friedrich, que se produce por unha perda na función do cerebelo ou por anomalías nas vías condutoras dos impulsos nerviosos cara a esta estrutura.

Considéranse patoloxías graves. Ao ser neurodexenerativas, incapacitan a quen as padece. As persoas manteñen intactas as súas facultades mentais, pero diminúe a súa capacidade de mobilidade e de fala, xerando sensación de encerro no propio corpo.

O diagnóstico é sempre clínico, baseado nos síntomas e signos que presenta a persoa afectada. Realizarase unha exploración neurolóxica e deberá comprobarse se existe alteración doutras estruturas do sistema nervioso central e/ou periférico, ademais do cerebelo. Unha análise sanguínea completa para excluír unha orixe autoinmune, metabólica, hereditaria ou tóxica e a realización dunha resonancia magnética para comprobar a integridade e/ou lesión do sistema nervioso completarán os pasos para o diagnóstico.

Existe cura para casos específicos que teñen que ver con deficiencias metabólicas, pero en liñas xerais non se pode erradicar a patoloxía. O tratamento dependerá da causa e deberá ser interdisciplinario, contando con logopedia, fisioterapia, terapia ocupacional (TO) e psicoloxía, entre outras.

O tratamento irá dirixido aos síntomas específicos de cada paciente. En logopedia, traballaranse as dificultades da fala, as funcións orofaciais e/ou a prevención de dificultades na deglutición. O traballo respiratorio (para o traballo da voz), en colaboración coa fisioterapia e sobre a motricidade fina (sobre todo para a escritura) en colaboración con terapia ocupacional, completarán as áreas nas que a logopedia pode ser de axuda.

A motivación e a colaboración da persoa afectada e o apoio familiar e profesional no inicio da enfermidade, farán que a autonomía da persoa se manteña no tempo. En fases máis avanzadas, o tratamento por parte da logopeda procurará que a deglutición sexa segura aínda con limitacións e a fala o máis clara posible aínda que a articulación non sexa perfecta. Tentarase manter o volume de voz e a escritura. O primordial será manter a calidade de vida.

A exposición de Dinosauros Animatrónicos con réplicas a tamaño real visita Melide



Dúas réplicas de dinosauros como as que se poderán ver na exposición de Melide. / Foto: Dinosauria Experience European

A exposición de Dinosauros Animatrónicos, organizada por Dinosauria Experience European Tour, visita a vila melidá durante este sábado 16 e domingo 17 de setembro no Pazo de Congresos, o que será a primeira parada da súa xira despois das vacacións de verán.

Nesta gran exposición o público poderá desfrutar de diversos exemplares de réplicas a tamaño real destacando o *brachiosaurus* xigante de dez metros de altura.

Dende a organización comentan que esta "é a maior exposición de dinosauros do país" que se poderá visitar no Pazo de Congresos de 11:00 a 14:00 horas pola mañá e de 17:00 a 20:00 horas pola tarde. As persoas interesadas en contar con máis información pódese poñer en contacto cos membros da organización no teléfono 642 13 20 09. Para acudir a este evento é necesario mercar a entrada no punto habilitado como oficina de billetes.

Neste espazo pódense descubrir unha gran variedade de dinosauros con especies como *T-Rex* ou o *brachiosaurus*. Un evento para todos os públicos, ideal para desfrutar en familia durante esta fin de semana de setembro. Unha boa oportunidade para aprender máis sobre o apaixoante mundo dos dinosauros e transportarte a millóns de anos de distancia.

O Pazo de Congresos de Melide converterase no hábitat destas réplicas de dinosauros que tentarán conquistar ao público co seu realismo.

Aprobado o proxecto de mellora e conectividade de 65 paradas de autobús, entre elas en Melide

Unha das paradas de bus da Xunta de Galicia como as que acondicionará en diversos concellos como Melide. / Foto: X.G

O Goberno autonómico, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, publicou no Diario Oficial de Galicia a aprobación do proxecto de mellora de 65 paradas de autobús en 10 concellos, entre os que se atopa Melide.

O acordo aprobado na reunión do Consello da Xunta do pasado 27 de xullo no que tamén foi autorizado o trámite de información pública destas intervencións en 10 municipios da provincia da Coruña e en 9 estradas autonómicas, que supoñerán unha inversión de máis de preto de 2,6 millóns de euros.

Estes proxectos comprenden actuacións en concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral, Curtis, Oza - Cesuras, Boimorto, Melide, Mesía e Ordes. As intervencións realizaranse nas estradas autonómicas AC-621, AC-211, AC-213, AC-221, AC-230, AC-400, AC-524, AC-542 y AC-840.

Este proxecto permitirá actuar no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña, melloraranse 15 paradas en Abegondo, 11 en Betanzos, 22 en Cambre, 1 Carral, 3 en Curtis, 9 en Oza - Cesures, 1 en Boimorto, 1 en Melide, 1 en Mesía e 1 en Ordes.

O Goberno autonómico prevé licitar as obras e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no cuarto trimestre do ano 2023, para comezar os traballos na primavera de 2024. Estas intervencións afectarán 66 predios, polo que dispón tamén a urxente ocupación para realizar as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 3.587,30 m2.

As actuacións proxectadas comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada de autobús, a mellora de accesibilidade e a pavimentación do entorno coa execución de sendas ou beirarrúas. Tamén se prevén a instalación de marquesiñas, actuacións complementarias de drenaxe, condución de servizos ou colocación de varandas para protexer aos usuarios e usuarias.

Os proxectos están financiados ao amparo do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU.

Aberto o prazo para matricularse no novo curso do Conservatorio Profesional de Música do municipio

Parte do alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Melide no concerto de fin de curso. / Foto: Turismo Melide

Abre o prazo para matricularse no novo curso do Conservatorio Profesional de Música de Melide ata o vindeiro martes 19 de setembro.

Neste centro educativo o alumnado pode inscribirse en diferentes disciplinas como: trompa, violín, contrabaixo, saxofón, óboe, trompeta, trombón, solfexo, percusión, piano, harmonía, guitarra, viola, violonchelo, acordeón, canto, clarinete, frauta, gaita, tuba e clavecín.

Para matricularse no Conservatorio Profesional de Música da vila, as persoas interesadas deben acudir ata o Edificio Multiusos en horario de 9:00 a 14:00 horas. Se o futuro alumnado tivera algunha dúbida sobre o proceso de matrícula ou outra cuestión relacionada pode chamar ao 981 50 79 29 ou enviar un correo electrónico multiusos@concellodemelide.gal. Unha nova oportunidade para aprender música.

Cáritas Parroquial recibe 750 euros do premio de reciclaxe

Persoal de Cáritas Parroquial e Xosé Igrexas na entrega do premio. / Foto: C.M

O concelleiro de Medio Ambiente, Xosé Igrexas, fixo entrega ao persoal de Cáritas Parroquial da vila do premio de 750 euros que recibiu o Concello a través da campaña "Recicla. Únete ao Reto".

Esta iniciativa, promovida por Ecoembes coa colaboración da Xunta, premia a aqueles municipios que logran incrementar a reciclaxe a través das achegas ao contedor amarelo.

Igrexas destacou: "o concello de Melide ten por obxectivo participar en todas as iniciativas e dedicar todos os medios dispoñibles para fomentar o coidado do medio ambiente".

A parroquia de Furelos regresa ao ano 1900 co seu VI Mercado de Época os días 22, 23 e 24 de setembro

Visitantes e veciñanza na edición anterior do Mercado de Época de Furelos polas rúas da parroquia. / Foto: C. Melide

A parroquia melidá de Furelos regresa ao ano 1900 co seu VI Mercado de Época que se vai celebrar os vindeiros días 22, 23 e 24 de setembro.

Durante a penúltima fin de semana do mes este festexo contará con obradoiros, exposicións, recreacións de época, música, animación, tradición e artesanía para que veciñanza e visitantes entren na máquina do tempo e regresen ao 1900.

A maiores, para facilitar a chegada a Furelos este evento contará, o sábado e domingo, cun atractivo engadido: o Tren Turístico, que unirá o centro da vila (parada xunto a Capela de San Roque) co centro da festa (en Furelos).

Desde o Concello de Melide convidan a todas as persoas, tanto do municipio como visitantes, a achegarse a Furelos e "desfrutar das nosas raíces, da cultura, oficios e música a través dunha visita ao 1900".

Abre o prazo para inscribirse nas actividades culturais e deportivas

Alumnado do curso pasado das clases de bádminton en Melide. / Foto: T.M

O Concello de Melide abre o prazo para inscribirse nas actividades culturais e deportivas para este curso 2023/2024 ata o vindeiro 24 de setembro.

Algunhas das actividades ofertadas son: pilates, tonificación, deporte combinado, TRX, bádminton, atletismo, fútbol sala, zumba, multideporte, aerobic, cociña, baile moderno, pintura, costura, ballet, hipopresivos, fotografía, escola de espalda, patinaxe, ximnasia de mantemento, memoria, novas tecnoloxías e club de lectura. Para anotarse poden acudir ao Rexistro ou a través da Sede Electrónica.

Centos de persoas festexan o San Caralampio para despedir o verán por todo o alto en Melide

Decenas de persoas na procesión de San Caralampio polas rúas dos viños o pasado domingo. / Foto: Turismo de Melide

Centos de persoas festexan o San Caralampio para despedir o verán por todo o alto no municipio melidá, ao ritmo de agrupacións como A Bandiña de Melide, Banda do Peto, Festicultores, Charanga Leña Verde, Noroeste, O Castro de Toques e Batería do Cariño, entre outras.

As rúas dos viños, a Praza das Coles e o Pozo Pequeno volveron ser, unha vez máis, o segundo domingo de setembro escenario principal da chamada "festa dos borrachos", onde veciñanza e visitantes desfrutaron durante todo o día de boa música de diferentes estilos, a mellor gastronomía (pementos, pan, cachelos, viño e mexillóns) e un bo ambiente de troula.

Ademais, como xa é habitual, durante a mañá celebrouse o Concurso de debuxo Alberto Lafuente para as crianzas, coa correspondente entrega de premios a media tarde. Outra das citas obrigadas da xornada é o tiro á lata con escopeta de pau que contou cunha boa acollida en canto a participantes.

O San Caralampio tamén saca o mellor enxeño dos grupos de amigos e amigas xa que, un ano máis, volvéronse ver diversas camisolas con lemas e debuxos do máis orixinal, así como outras eludindo a temas de actualidade. Outros, apostaron por colaborar coa Comisión de Festas mercando a camiseta deseñada para a ocasión.

Unha xornada que desfrutaron dende os máis pequenos ata os maiores, dado que é unha festa que conta con asistentes de diferentes idades e procedencia que gozaron das actividades programadas, música e gastronomía.

"Para moita xente do municipio e incluso doutros concellos limítrofes, o San Caralampio é a mellor festa de todo o ano porque pasas o día enteiro na rúa desfrutando cas amigas e amigos, nun bo ambiente e con música moi animada", comenta unha asistente á festa. Pódese dicir que celebrar a "festa dos borrachos" é unha das mellores maneiras de despedir o verán e as vacacións para darlle a benvida á rutina, ao regreso ás aulas e ao traballo.

O grupo Xascariz presentou no Festival Intercéltico de Lorient o seu disco de música folk 'Regalía'

O grupo Xascariz nunha das súas actuacións deste verán interpretando os temas do seu disco. / Foto: Suso Ascariz

Xascariz participou, o pasado 10 de agosto, no Festival Intercéltico de Lorient (na Bretaña Francesa). Formar parte deste festival é o cume de todo grupo folk ou de música tradicional, dado que é o evento máis importante do mundo neste eido.

Lorient é unha cidade de máis de 50.000 habitantes paralizada durante 10 días por centos de espectáculos en diferentes espazos. Este ano houbo récord de participación con máis de 950.000 persoas de público en directo. Xascariz presentaba o seu disco 'Regalía' no LE KLEUB, un dos espazos onde máis desfrutan os artistas.

Para Xascariz o Festival foi "unha experiencia única poder presentar nun festival tan potente o primeiro disco", Suso (un dos integrantes) comenta: "foi moi emocionante subirme a ese escenario e tocar a Muiñeira de Melide ou cantar un canto de berce que me ensinou miña nai".

O PP alerta dunha fuga de auga nas piscinas de Furelos

O Partido Popular de Melide alerta, grazas ao aviso de varios usuarios e usuarias, ao igual que fixeron dende a Asociación de Troiteiros do Río Furelos a través dunha comunicación enviada á Xunta de Galicia, avisando da fuga de auga das piscinas da Área Recreativa de Furelos.

Dende o PP melidá, a súa voceira atribúe esta situación ao "deixamento" do Goberno municipal. De feito, Dalia García, manifesta que "a situación do río é moito peor da que analizamos no anterior trimestre e a apertura das piscinas descubertas puxo enriba da mesa a realidade: nulo investimento e nulo mantemento en catro anos de bipartito de Adiante Melide e PSOE que agora teñen consecuencias".

Por mor desta fuga tívose que delimitar unha zona na que se prohibía o paso por estar encharcada de auga.

O domingo será o VI memorial Mingos de Pita

Este domingo, 17 de setembro, a partir das 19:00 horas celebrarase o sexto memorial Mingos de Pita no Centro Socio Cultural do municipio, o cal leva o seu nome.

Neste encontro de música e palabra en lembranza do melidá José Domingos Fuciños (máis coñecido como Mingos de Pita), mestre de gaiteiros, político e activista e dinamizador cultural que falecía o pasado setembro de 2017, participarán Xosé Luis Rivas (Mini) e o grupo Leirabuxo.

O memorial está organizado pola Asociación Cultural Terra de Melide e de seguro que conta coa presenza de gran parte da veciñanza melidá e da contorna, xa que Mingos de Pita era para moitos "mestre e amigo".

Unha cita que contará con todos os elementos necesarios para lembrar a Mingos de Pita.

As xornadas de limpeza do Furelos deixan clara unha mensaxe: "O Río é un deber de todos"

Varios dos participantes nas xornadas de limpeza do Furelos e Afluentes. / Foto: Asociación de Troiteiros Río Furelos

As xornadas de limpeza do Río Furelos e os seus afluentes, celebradas os días 26 de agosto, 2 e 9 de setembro, deixaron unha mensaxe moi clara enviada a través do Presidente da Asociación de Troiteiros, Xavier Pazo Blanco, "O Río Furelos é un deber de todos".

Dende esta entidade asociativa manifestan que "non hai responsabilidade co Furelos, un río que forma parte e está ligado ao desenvolvemento humano da Terra de Melide, dependemos da auga con que nos agasalla e non somos conscientes do seu valor nin por parte dos Organismos públicos (Concello de Toques, Melide, Santiso e Xunta de Galicia) nin de moitos veciños".

Durante estas xornadas de limpeza recolléronse máis de 600 quilos de lixo do Furelos e os seus afluentes. Un panorama desalentador a raíz do cal, Xavier Pazo fai unha reflexión: "chegados a maioría de idade temos a sensación de que todo o esforzo anterior non valeu de nada. Xa son 18 anos retirando lixo do Río Furelos e XIX Xornadas de Limpeza feitas, cos conseguintes miles e miles de quilos de lixo retirados".

Nas tarefas de limpeza atopáronse: bolsas de plástico, latas de conserva, refrescos, roupa, animais mortos, cordeis, calzado, plásticos agrícolas, sinais informativas, matrículas de coche e tractores, así como balóns de fútbol.

Unha situación que nos debe facer reflexionar como veciñanza e sociedade, necesitamos coidar o medio ambiente e non hai mellor forma de facelo que respetándoo.

Ademais, noutra orde de novas dende a Asociación de Troiteiros do Río Furelos veñen de comunicarlle á Xunta da presenza de *Black Blas* ou Perca Negra nunha das charcas que se atopa na Canteira, preto dos ríos Furelos e Catasol en Melide. Ante esta circunstancia, dende a Asociación solicítanlle ao Goberno autonómico: "que se identifique a persoa ou persoas implicadas por tratarse dunha zona e unha especie invasora, así como retirar estes exemplares para evitar danos maiores, dada a súa proximidade ao Río".


VI MERCADO
DE ÉPOCA
FURELOS NO 1900
22, 23 e 24 de setembro
TRADICIÓN
ARTESANÍA MÚSICA
ANIMACIÓN
Concello de Melide

Muebles PAULA

EL CENTRO DEL MUEBLE EN EL CENTRO DE GALICIA

Tlf.: 981 50 57 59 - Fax: 981 50 55 07
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide - 15800 **MELIDE** (A Coruña)
www.mueblespaula.com / moblespaula@gmail.com

TRASPOME®

Fábrica de colchones desde 1985

Canapés, bases y somieres - Almohadas
100% fabricado en Galicia - Transformación de poliuretano

www.traspome.com
comercial@traspome.com
Tel. 981 50 57 34
Fax. 981 50 55 07
Ctra. de Lugo, Km 46 · Madanela · MELIDE (A Coruña)

¡VOLTA AO COLE!

XANELA ocio e animación

Sorteo de 5 vales para o Parque de bólas con inchable e merenda incluída durante 1 hora.

*MERCAS SUPERIORES A 20 € DURANTE SETEMBRO.
*O SORTEO CELEBRARASE O DÍA 30/09/2023.

Impresións e fotocopias
Librería
Fax e encadernacións
Papelería
Tinta Prink
Xoguetería
Bolsas e tartas de lambetadas para todo tipo de eventos
Prensa e revistas

LIBRERÍA VICTORIO

r/ Taboada Roca, 1 - MELIDE
981505055
Victoriolibrería@gmail.com

óptica melide

Rúa do Convento, 17 - Melide
Teléfono: 981 50 54 67
opticamelide@hotmail.com

Máis dunha vintena de nenos e nenas participan este mes no 'Santiso Concilia'

As crianzas desfrutando dunha actividade do campamento. / Foto: C. Santiso

Máis dunha vintena de nenos e nenas, en concreto 27, participan durante o mes de setembro na iniciativa 'Santiso Concilia', organizada polo Concello do municipio e financiada integramente pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade así como o Ministerio de Igualdade.

O obxectivo principal deste proxecto é facilitarlles unha ferramenta ás familias para poder conciliar máis facilmente a vida persoal e laboral durante este período no que os centros educativos xa comezaron a súa actividade pero as extraescolares continúan sen empezar.

'Santiso Concilia' ten horario de luns a sábado dende as 16 ata as 20:30 horas na Antiga Casa do Concello (en Arcediago). Os 27 cativos e cativas participantes, de entre 3 e 16 anos, realizan xogos, xincanas, traballos manuais, actividades que fomentan a igualdade así como o coidado e respecto ao medio ambiente, entre outras. Todas as iniciativas contan con monitores profesionais para poder realizalas e que as crianzas poidan desfrutar e divertirse ao mesmo tempo que adquiren valores e aprenden.

Un proxecto a prol da igualdade a conciliación familiar e laboral que amosa o compromiso real da Administración local nestes eidos.

Sobrado acolle 'Arteterapia, un taller de coroas de flores'



Dúas persoas realizando arreglos florais como os do obradoiro. / Foto: Istock

O concello de Sobrado acolle 'Arteterapia, un taller de coroas de flores' o vindeiro luns 25 de setembro en horario de 16:30 a 18:30 horas no Edificio do Mercado.

A Administración municipal organiza este obradoiro de arranxos florais para que a veciñanza de Sobrado poida desfrutar, aprender e relaxarse a través deste taller de arteterapia coas flores como protagonistas.

Para acudir a este obradoiro floral é preciso anotarse nas Oficinas do Concello, dado que hai prazas limitadas.

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE - Tel. 981 506 097
(E-15-0012058)

ALAIN AFFLELOU
Óptico y Audiólogo

GRUPO DE TEATRO CHARAMELA

“O teatro é a nosa válvula de escape, o noso momento de desconexión”

Alguns dos actores e actrices do Grupo de Teatro Charamela ensaiando a obra *‘Vaia Lío’* nunha aula do Edificio Multiusos para a súa próxima actuación. / Fotos: Cerne

Antonio, Marisol, Fito, Chus, Manolo, Celestino, Paula, Mary e Óscar son os protagonistas do Grupo de Teatro de Charamela, un conxunto de actores e actrices afeccionados que rin, desfrutan, interpretan e comparten complicidades cada martes e xoves cunha aula do Edificio Multiusos como escenario improvisado.

No ensaio do pasado 30 de agosto, puiden acudir como unha espectadora previlexiada ao ensaio da súa nova obra: *‘Vaia Lío’*, primeiro acto. Unha comedia, coma sempre en Charamela, xa que tal é como comenta Marisol “para cousas tristes xa está a vida”. En *‘Vaia Lío’*, os protagonistas son actores e actrices de teatro que interpretan unha historia na que se atopan nunha casa onde aconteceron uns “supostos asasinatos” que deberán resolver ao longo da obra “se queren saír vivos”.

Como os personaxes da obra, nesta agrupación teatral atopamos persoas moi diversas e diferentes pero con varias cousas en común: a paixón polo teatro, as ganas de interpretar e de compartir un oasis temporal onde o único que importa é meterse no papel duns personaxes ficticios. “Para nós vir a teatro é a nosa válvula de escape”, fai fincapé Chus, “a nosa desconexión do día a día”, puntualiza Manolo.

O bo ambiente entre estes membros de Charamela é latente dende que comezan a chegar ao lugar de ensaio, todos e todas acoden á cita coas ferramentas de traballo: o caderno co guión da obra e a interpretación nas veas. A concentración, como non podía ser doutra maneira é máxima, especialmente a de Mary, dado que comparte o papel de actriz e directora da obra. Coa experiencia de levar moitos anos nisto do teatro afeccionado, “con dez anos fixen a miña primeira obra”, Mary corrixe e apunta detalles máis técnicos para que Manolo, Fito, Marisol, Paula, Óscar, Chus, Antonio e Celestino teñan luz propia sobre o escenario. Máis dunha hora de ensaio na que tamén hai tempo para rirse dos erros, aprender e absorber outras personalidades. Todos e todas teñen o seu momento de protagonismo nesta obra na que “todo é un desastre”, ninguén sobra nin tampouco falta.

As datas das próximas funcións están preto polo que cadrar para aumentar os días de ensaio non é nada fácil, “iso que somos nove, imaxina se fósemos máis”, afirma Paula. Esta situación non é de estrañar, cada un e unha das compoñentes desta compañía de teatro afeccionado ten as súas circunstancias persoais propias e diferentes pero entre elas e eles conseguen “cadrar horarios”.

Toda gran historia ten un bo comezo e no caso do Grupo de Teatro de Charamela non ía ser menos, “todo comezou cando estabamos na que aínda se chamaba APA do Mestre Pastor Barral e queriamos ir de excursión cos nenos e nenas a Cantabria, o problema era que non todas as familias dispoñían de cartos para poder ir polo que decidimos que había que facer algo para recadar diñeiro, xa que ou iamos todos ou ningún. Non podiamos permitir que houbese cativos e cativas que non fosen á excursión polo poder adquisitivo da súa familia”, comenta Mary. Nese momento, naceu o Grupo de Teatro de Charamela. Se temos que falar de cada un deles e delas podemos dicir que Marisol é unha das máis veteranas. Non obstante, non todos os integrantes contan con tanta experiencia, como é o caso de Antonio que se incorporou á agrupación a principios de ano. Paula encárgase de poñer a espontaneidade e os “nervios”. Manolo non perde a oportunidade de contaxiar risas. Óscar é seguridade e un valor engadido no escenario. Chus é a cómplice do público. Celestino conta co entusiasmo necesario para que as cousas saian ben. Mary transmite profesionalidade, experiencia e coñecementos. Fito cambia de voz, de personalidade e ata de sexo, todo pola obra. Oito persoas que fan de Charamela unha compañía afeccionada completa e diferente pero sen esquecernos doutra persoa importante neste grupo, a pesares de non estar presente no ensaio, Jaime, o home de Mary, xa que é o encargado de debuxar e elaborar todo o decorado das obras.

‘Vaia Lío’ ten aínda moitos ensaios pendentes para que saian como os actores e actrices queren pero a función vai por moi bo camiño.

A previsión é que a agrupación aumenta, dado que a Mary xa lle amosou unha persoa máis a súa intención de unirse o que implicará “buscar obras adaptadas a once persoas”. Porén, Mary afirma que a capacidade do Grupo de Teatro de Charamela é limitado polo que, de momento, non hai oco para moitas máis actrices e actores.

O 23 de setembro será a quenda dos espectadores e espectadoras, xa que é data marcada para que o público poida desfrutar da obra *‘Adulterio decente’*, na que estes afeccionados moi profesionais de seguro nos farán rir e entrar nese pequeno oasis temporal do que eles e elas gozan en cada ensaio. Agrupacións como Charamela amosan o valor de contar en vilas pequenas como Melide de asociacións e entidades que aposten pola cultura. Para que isto poida seguir funcionando o público temos o noso deber que non é outro que acudir as súas funcións e apoiar estes tecidos asociativos que enriquecen os nosos municipios.

“Encontro 17 xira arredor de 3 eixos: fomentar o deporte, recuperar as xuntanzas e dar a coñecer o patrimonio”

Encontro 17 é a nova iniciativa do Concello de Santiso que xira arredor de tres eixos: fomentar o deporte, recuperar as xuntanzas no rural e dar a coñecer, así como poñer en valor, o patrimonio do municipio.

O nome desta actividade dá unhas pistas sobre os seus obxectivos: encontro porque “queremos reivindicar o común” e 17 porque “son as parroquias que ten Santiso”, comenta o Concelleiro de Cultura, David Fernández. A intención é que Encontro 17 teña unha quedada anual e itinerante polas parroquias. Esta primeira edición celebrarase na Ponte de Arcediago, na carballeira xunto ao Concello vello e haberá programación para todo o día.

“Esta iniciativa está pensada para todas as idades por iso contamos con actividades para maiores, adultos e crianzas”, fai fincapé David. A xornada comeza ás 9:30 horas, 15 minutos despois sairá o bus en dirección ao Cruce de Reboredo (en Vimianzo) para realizar a Andaina de 8,5 quilómetros ata Arcediago. As persoas interesadas en participar nesta Andaina deben chamar ao Concello (981 81 85 01) antes do mércores 20 de setembro.

Ás 10:30 horas continúa o Encontro 17 con ximnasia de mantemento e 30 minutos máis tarde é a quenda dun paseo de 3 quilómetros. A partir das 12 da mañá abren os postos de artesanía, ás 12:30 horas toca lambetada para repoñer forzas, ás 12:45 a organización presentará este Encontro 17 para posteriormente desfrutar unha das patas deste evento, a música que neste caso forma parte do patrimonio cultural de Santiso da man dun concerto da Banda de Música de Visantoña. Ao remate da actuación o público que así o desexe participará nun xantar popular nesta carballeira, “o que recorda a esas festas de antes no rural nas que ías comer fóra coa familia”, afirma o Concelleiro de Cultura de Santiso. As persoas que queiran comer neste xantar popular deben reservar uns recibos no teléfono da Administración municipal (981 81 85 01), dado que toda a xornada é gratuíta agás a comida.

O cartel xenérico para a promoción do Encontro 17, a nova iniciativa do Concello de Santiso. / Foto: Encontro 17

Xa pola tarde, ás 15:45 horas é a quenda do espectáculo infantil, *‘Consertasso’* porque “é moi importante tamén atender aos cativos e cativas” tal e como comenta David pero non será o único, xa que 17:00 horas terán un espectáculo de monicreques para seguir desfrutando desta xornada tan especial.

Mentres os máis pequenos e pequenas gozan con diferentes actuacións, os máis maiores aproveitarán para realizar varias palestras nas que o ensino no rural é o protagonista, nestas exposicións repasarán o a historia do ensino no rural e centraranse no caso da Escola de Visantoña (pechada dende xuño de 2014) e o CEIP de Arcediago (un dos centros educativos rurais que permanecen abertos na comarca). “A nosa idea é debater sobre o ensino no rural, amosando diversas posturas e coa participación do público, tanto con preguntas como con reflexións. Tamén contaremos con mestres do rural que nos falarán sobre as súas experiencias”, comenta David Fernández. As palestras levan por nome: ‘*Ensino no rural*’ e *‘Experiencias no Territorio’*, estas actividades contan coa colaboración da ANPA do CEIP de Arcediago e diferentes asociacións.

Ademais, a primeira hora da xornada recolleranse obxectos relacionados co ensino para o Museo Etnográfico de Santiso, calquera persoa pode aportar o que considera interesante para este espazo.

Ás 18:00 horas os cativos e cativas terán oportunidade de volver encher o bandullo cunha merenda para despois asistir á Presentación do Equipo de Atletismo e de seguido desfrutar dun espectáculo de maxia.

Como non podía ser doutro xeito, o Encontro 17 a partir das 19:30 horas contará coa actuación de Queicoa, un grupo de música tradicional que poñerá punto e final a esta diversas e enriquecedora xornada na que tanto veciñanza como visitantes se xuntarán para practicar deporte, socializar e dar a coñecer o patrimonio cultural de Santiso. Para os máis pequenos haberá unha peque verbena ás 20:45 horas.

Dende a organización queren agradecer a súa colaboración á Deputación da Coruña, ao Concello de Melide e ás diferentes asociacións que coa súa axuda fan posible que eventos como Encontro 17 sexan realidade.

Ademais, o Concelleiro de Cultura de Santiso fai fincapé na importancia de “recordar que haberá zona de cámping, caravanas e duchas por se algunha persoa doutra localidade quixese acudir este espazo está habilitado”. Para poder quedarse nesta zona de acampada só hai que cubrir un formulario con: nome, D.N.I, teléfono, procedencia, número de persoas e no caso das caravanas indicar tamén a matrícula do vehículo; este formulario cuberto débese enviar ao correo electrónico: encontrodezasete@gmail.com. As zonas habilitadas son: a Área Recreativa da Cornella e xunto ao Concello vello. Estes espazos poderanse empregar con esta fin durante os días 22, 23 e 24 de setembro.

Encontro 17 é un plan irresistible para o vindeiro sábado 23, unha boa oportunidade para coñecer xente, desfrutar da nosa música, reflexionar e debater sobre asuntos tan importantes como o ensino no rural, compartir experiencias e gozar dun fermoso entorno natural.

A intención do Concello de Santiso é poder repetir todos os anos estas xornadas do Encontro 17 e en cada edición fixarse nunha parroquia diferente para así dar a coñecer toda a súa riqueza e patrimonio a persoas da contorna e outros lugares.

Fins de semana de teatro afeccionado en Melide con diversas representacións

Actores e actrices de Charamela representando unha obra. / Foto: Charamela

Fins de semana de teatro afeccionado en Melide con diversas representacións no chamado: Circuíto Galego de Teatro Amador 2023, organizado pola Asociación Cultural Charamela da vila e a Federación Galega de Teatro afeccionado.

Este sábado, 16 de setembro, ás 21:00 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita o grupo de teatro Rebuldeira representará a obra *"Cita previa"*. Unha actuación para todos os públicos e que amosará todo o potencial dos actores e actrices afeccionadas.

A vindeira cita é co teatro melidá, xa que o vindeiro día 23 ás 21:00 horas será a quenda da Asociación Cultural Charamela de Teatro coa representación de *"Adulterio decente"* (para todos os públicos).

Para rematar o Circuíto Galego de Teatro Amador 2023, o domingo 1 de outubro ás 20:00 horas a agrupación Teatro do Ar representará a obra "Chao" (para maiores de 8 anos).

Todas estas representacións son totalmente gratuítas. Durante estas xornadas culturais o público melidá poderá desfrutar do teatro afeccionado, dado que todas as compañías convidadas a esta cita contan con experiencia nas táboas e varios recoñecementos. En definitiva, un plan para todos os públicos e gozar compartindo espazo e tempo entre varias xeracións.

A primeira mostra deste Circuíto de teatro afeccionado puidemos desfrutala o pasado sábado no Centro Sociocultural Mingos de Pita coa agrupación A Tequerreté Teatro coa obra *"Vacacións"*.

Sobrado festexa a honra á Virxe dos Dolores con tres días de troula

A veciñanza de Sobrado de festa nas rúas o pasado mes de agosto. / Foto: C.S

Sobrado festexa a honra á Virxe dos Dolores con tres días de troula este venres 15, sábado 16 e domingo 17 de setembro.

Nestes festexos a veciñanza e visitantes terán a oportunidade de bailar, cantar e gozar coa orquestra Panorama e Nueva Fuerza (venres); Eureka e América (sábado); La Favorita, Charanga *"Os Charangos"* e a Banda de Música de Visantoña (domingo).

Os días 15 e 16 as orquestras actuarán na Explanada do Pavillón, o 17 e a sesión do vermú do 16 as actuacións serán na Praza do Portal. O domingo tamén haberá xogos infantís gratis para todas as crianzas que acudan á festa.

O XV Campionato de Tirapedras Galiza Central firma un novo éxito

Os gañadores na categoría de adultos do XV Campionato de Tirapedras da Galiza Central. / Foto: AGXPT

Melide acolleu, como xa vén sendo tradicional na Praza das Coles, o XV Campionato de Tirapedras Galiza Central que contou coa participación de 76 tiradores e tiradoras, deles 25 foron rapaces e rapazas menores de 14 anos e 25 mulleres anotadas en total.

Esta competición que "persegue contribuír á recuperación dos espazos tradicionais de xogo existentes no casco histórico de Melide", indican dende a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (entidade organizadora). Esta iniciativa conta tamén co apoio e colaboración de: Adega Mandil, Concello de Melide, Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais, do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego e da Sociedade de Pesca Deportiva "Ponte Mazaira".

Manuel Taboada Filgueira, experimentado tirador de Marín, conseguiu o primeiro posto da categoría absoluta, seguido do coruñés José Cagide López e o pontevedrés Fernando Álvarez Rouco. Na modalidade infantil o gañador foi Diego Ramos Maeso, de 11 anos e residente en Santurtz, no segundo posto quedou Danel Pandelo Hernández tamén de 11 anos e residente en Barakaldo e, en terceiro posto, o melidao Cibrán Cea García da mesma idade.

Paralelamente a este campionato, algúns lugares do casco histórico da vila recuperaron o seu papel como espazos de xogos como a rá, o peón ou os zancos.

HOGAR
Renueva

ASOCIACIÓN GALEGA DO MOBLE

890€
GM415// Moderno APILABLE en color blanco y arena de 323 cm. **Posibilidad de otros colores y combinaciones, pida presupuesto.**

VEN A VISITARNOS Y DISFRUTA DE UN
FIN DE SEMANA DE RELAX
en el Talaso
Hotel LOUXO en LA TOJA*

*Fin de semana en **La Toja** por compras superiores a 1.500€ en productos de esta campaña publicitaria.
** Consultar condiciones de promoción en tienda.*

MOBLES ARES

Visitanos tamén en **www.moblesares.com**

ABERTO DOMINGOS DE 10h. a 14h.

GN ferretería y fontanería
by Grupo Noguerol

FERRETERÍA NOGUEROL S.L.
Circunvalación Feria s/n
15800 Melide, A Coruña
CIF: B-15.970.510

www.gruponoguerol.com
981 50 77 00
601 64 20 42
info@gruponoguerol.com

FERRETERÍA Y FONTANERÍA ALQUILER MAQUINARIA SERVICIO TÉCNICO ARQUITECTURA Y CONSTRUCCIÓN COCINA Y BAÑO INMOBILIARIA

LIQUIDACIÓN PRECAMPAÑA
STOCK FUERA



COCINA CERRADA CLÁSICA 7 VITRO
LACUNZA Natural comfort
ANTES 3.449€
AHORA 3.199€
STOCK 1 UN

PELLETS TMD 8 KW BURDEOS
ANTES 1.199€
AHORA 799€
STOCK 2 UN

PELLET TMD 10 KW BLANCA
ANTES 1.299€
AHORA 899€
STOCK 2 UN

PELLET TMD 9 KW BLANCA
ANTES 1.495€
AHORA 1.199€
STOCK 1 UN

SERVICO COMPLETO
TAMBIÉN NOS ENCARGAMOS DE LA INSTALACIÓN
TODOS LOS PRODUCTOS ESTÁN EN PERFECTO ESTADO DE CONSERVACIÓN

SUPER OFERTA ESPECIAL SEPTIEMBRE
SOLO HASTA 30/9

AHORRA
ANTICIPÁNDOTE AL INVIERNO

GN
FERRETERÍA NOGUEROL

OPCIÓN 1
PALET 77 SACOS 5,95€/ SACO

OPCIÓN 2
SACO SUELTO 6,90€
POR CADA 10 SACOS -> 1 SIN CARGO
PRECIO FINAL RESULTANTE 6,27€

PRECIOS IVA INCLUÍDO | OFERTA VÁLIDA PARA RETIRADA EN TIENDA | SERVICIO A DOMICILIO. CONSULTARNOS

Suave. Cremoso. Nutritivo.
Queixo Arzúa-Ulloa
O tradicional queixo galego
Certificado pola Denominación de Orixe Protexida
queixo@arzua-ulloa.org • Tfno.: 981 50 76 53

XUNTA DE GALICIA
FEADER: Europa inviste no rural
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Prioridade 3 medida 3.2

Rosa Corral, Panadería e Pastelería toques

“Para que os produtos saian ben tes que elaboralos como se os fixeches para as persoas que queres”

- Que produtos elaborades en Panadería e Pastelería Toques?

- Rosa Corral: Pan de trigo, centeo e mestura; empanadas variadas (bonito, panceta e queixo, bacallau, bacallau con pasas, mariñeira, zorza, entre outras); na parte de repostería facemos dende ricos, melindres e amendoados, pasando por madalenas, rosquillas; produtos de temporada como as filloas ou as chulas; pasteis clásicos de aniversario ou eventos como poden ser o de San Marcos ou Selva Negra; biscoitos, bicas, brazos de xitano; pasteis de arandos, laranxa, limón, caramelo; logo tamén elaboramos produtos de bolaría como *croissant*, napolitanas, palmeiras e *donuts*.

As traballadoras de Panadería Toques no seu obradoiro principal elaborando uns doces artesáns. / Foto: Cerne

- Cales son os produtos máis demandados?

- R.C: Pois sen dúbida a empanada que está saíndo moito e todo o mundo nos di que está moi rica; tamén os ricos, melindres e amendoados, así como o brazo de xitano e a milfollas.

- No caso das empanadas diferenciades entre dous tipos de masa.

- R.C: Si, facemos dous tipo. A empanada de panceta e queixo como este produtos xa conteñen a súa graxa propia elaboramos unha masa máis seca, que sería a do propio pan. Non obstante, as outras facémolas con masa de empanada que é a mesma pero cun pouco de aceite e pementón para darlle algo or e que vaia máis *xugosa*.

- Como foi a temporada de verán?

- R.C: Estivemos moi saturdas. Teño que dicir que nós dende a pandemia estamos traballando cada vez máis pero este verán superou todas as expectativas. Levo 15 anos, é dicir, dende que abriu traballando na panadería e nunca dixemos que non a ningún pedido ata o Nadal pasado porque non dabamos feito e neste mes de agosto tivemos que volver rexeitar algunha encarga porque era inviable. Dende a pandemia seguimos conservando a clientela que tiñamos xa fiel e fóronse sumando máis.

- Que dirías que é o máis complexo de rexentar unha panadería como a de Toques?

- R.C: Moitas veces o máis complicado é querer chegar a todo pero non se da. Ti queres quedar ben e cumprir coa clientela pero hai cousas que non das feito por capacidade ou tempo, contentar a todo o mundo é moi difícil. Logo tamén hai produtos que non facemos como son os específicos sen gluten ou para alérxicos pero isto non o realizamos por seguridade, xa que non contamos cun espazo preparado para elaboralos e con estas cousas hai que ter moito coidado. Hai xente que isto non o entende pero é que nós non podemos arriscarnos a que haxa un despiste con isto porque estamos falando da saúde das persoas. Sentes terlles que dicir que non porque cada vez as intolerancias e alerxias afectan a máis persoas pero é que non temos agora mesmo o espazo para poder realizalo de maneira segura.

Outra cuestión que é difícil xestionar son as cantidades, con isto refíro-me á cantidade de xénero que debemos elaborar. É complicado predicir canto vas vender ao día seguinte e como neste caso traballas con moito produto perecedoiro que dura só o día pois non queres facer demais por medo a que che sobre. O verán para isto é unha época moi complexa porque tanto en Toques como en Melide a poboación aumenta polo que nós intentamos guiarnos por outros anos pero dar coa cifra exacta é case imposible. Normalmente quedámonos curtos porque no inverno é máis a clientela fixa e controlas mellor pero agora no verán moitas veces é a unha do mediodía e xa estamos sen pan ou empanadas, aínda que isto tamén é sinal de que á xente lle gustan os nosos produtos e repite.

- Afectouvos moito a suba de prezos?

- R.C: Como pasou en todos os sectores houbo que realizar algunha suba de prezo á clientela pero porque a materia prima subía e era imposible sosterse sen subir pero a xente aceptouno bastante ben. A clientela entende as razóns polas que nós subimos os prezos, dado que sube a luz, a fariña, o azucre, todo. No 2022, por exemplo, tivemos que subir dúas veces no mesmo ano os prezos porque senón era inviable mantelos.

- Cal dirías ti que o segredo para facer un bo pan?

- R.C: Sempre digo que o segredo para que as cousas saian ben é mentalizarse de que os produtos que ti fas van saír ben e elaboralos como se fora para ti ou para a xente que queres. O traballo hai que facelo con ese cariño e esa idea de realizalo como se fora para as persoas que queres ou a túa familia. Se pensas así vaslle poñer todo o empeño posible para que guste e sairá todo ben. No meu caso teño esa mentalidade dende que un día no hospital un enfermeiro lles comentaba ás compañeiras de prácticas: “cando fagades unha análise tedes que pensar que vai saír á primeira porque así haberá moitas máis posibilidades de que saia”. Obviamente, todos e todas temos días algo regulares que por moito empeño e cariño que lle poñas pois non saen as cousas pero normalmente penso que ese é o segredo. A maiores, eu sempre lles digo aos repartidores, ante a dúbida de que un produto poida non estar gustoso é mellor avisar ao cliente e comentarllo, despois ao día seguinte preguntas que tal está porque non todos os días son iguais e a xente valora a honestidade.

- Ata onde chegan as elaboracións de Panadería Toques?

- R.C: Pois fomos durante moitos anos a unha festa ao Centro Galego de Santurtzi (no País Vasco), tamén hai persoas que nos levan produtos para diferentes puntos da península como Barcelona ou Cádiz. Por outra banda, hai peregrinos e peregrinas que fan o Camiño cada ano e teñen como parada obrigatoria a nosa tenda porque collen determinados elaboracións que lles gustan e repiten de todas as veces que pasan. Nestes casos o que máis soen levar é repostería como ricos, melindres ou amendoados que se conservan mellor durante máis tempo. Ademais, a nivel galego estamos presentes nas catro provincias.

Panadería Toques
Souto, S/N
15806, Toques
Avenida de Lugo, 31
15800, Melide
Tlf: 981 50 47 60 / 981 50 51 81

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora